

## **NATACIÓN**

**La Voz 17/2/2010**

### **Marcos García e Luis Suárez acoden ao campionato de España por autonomías**

As principais estrelas da natación española tomarán parte na vixésimo sexta edición do Campionato de España por comunidades autónomas, que terá lugar na piscina Madrid-86, entre os días 19 e 21 deste mes de febreiro. A competición ten dous grandes alicientes, primeiro os novos modelos de bañadores, obrigatoriamente téxtiles (segundo a regulamentación FINA de 1 de xaneiro do 2010) e por outra banda as marcar que se realicen xa que se nada en piscina de 50 metros.

Un total de 15 nadadores absolutos e 13 júniors formarán a selección galega. Entre eles estarán dous nadadores do Natación Ferrol, Marcos García e Luis Suárez. O primeiro participará nas tres probas de bolboreta, 50, 100 e 200 metros. A pesar de que leva sen adestrar en piscina de 50 metros desde o campionato das Palmas. Marcos confía en coarse na final de 50 e 200. Luis Suárez participará nas probas de 50 e 100 libres. Ademais, ambos son fixos nas cinco substitucións que están previstos, 4 por 50, por 100 e por 200 libres e 4 por 50 e 100 en estilos.